


## A BOTICA COMPOSTELÁ DE BENITO CAMPELO. ANO 1596

Por José Manuel Bértolo Ballesteros

Benito Campelo era natural de San Mamede de Berreo (Trazo. Ordes), fillo de Gabriel Campelo, veciño de San Estevo de Trasmonte (Oroso), e de María Fagúndez, veciña de san Mamede de Berreo, neto por parte paterna de Bartolomé Campelo e de María de Burgas, veciña de Trasmonte “*a tres leguas de Santiago*” e por parte materna, de Juan Fagúndez e de María Fagúndez, veciños de san Mamede de Berreo, “*a dos leguas de Santiago*”<sup>1</sup>.

Aprende o oficio de boticario da man de Alonso da Graña, quen o 18 de abril de 1589 para que se casara con Ana da Graña, a súa filla e de María de Medina, lle ofreceu como dote<sup>2</sup> ensinarlle o oficio, ademais de darlle a metade da botica ou 300 ducados.

A photograph of a document showing two handwritten signatures in dark ink. The signature on the left is 'Alonso da Graña' and the one on the right is 'Benito de Campelo'. Both are written in a cursive, historical script.

Sinatura de *Alonso da Graña* e de *Benito de Campelo*. (Protocolos de Vázquez Varela. 1589)

Benito aprendeu o oficio e seguramente casou, pois as relacións persoais entre eles seguiron sendo boas, se ben debeu enviudar pronto pois en 1596 estaba casado con María de Montaos e uns anos máis tarde, en 1603, xa estaba casado de novo con Ana de Castro, filla de Julia de Castro<sup>3</sup> e do escribán Pedro Núñez Monteagudo.

Tivo a súa residencia nunha casa da praza do Campo en Santiago que alugou ao conde de Altamira por 350 reais. Pagábaa, como era habitual, en dous prazos, polo San Xoán e polo Nadal, ademais do compromiso de retellar a casa, arranxar a solaina, repoñer algunhas portas e outras pequenas cousas. E precisamente nesta casa, fronte ao hospital de san Roque, era onde tiña a botica.

<sup>1</sup> AHN. INQUISICIÓN, 1397, Exp. 18 Probas de limpeza de sangue, ano 1594

<sup>2</sup> AHUS Protocolos de Vázquez Varela 1589

<sup>3</sup> FERRO PEGO, L.- BÉRTOLO BALLESTEROS, J.M. *Casa dos Araújo*, Rev. Nalgures, tomo IX, 2013

Das actividades económicas de Benito hai abundantes documentos no Arquivo Catedralicio de Santiago. Destacamos unha venta de mulas a Bernardino Sarmiento Sotomayor, da *casa dos Bermúdez de Castro*, en S. Paio de Figueroa (A Estrada), que era quen coidaba das cabalerías de S.M. E en 1639 Benito e Ana cedéronlle a seu xenro o rexedor *Andrés García de Seares*, casado con *María Castro* (os fundadores do *pazo de Arretén*), unha viña en Ponte Sarandón.

Benito Campelo morreu en Santiago o 21 de maio de 1656.

## BENITO BOTICARIO.

Benito Campelo e Alonso da Graña, que fora o seu sogro, fixeron o inventario<sup>4</sup> da botica de Alonso o 18 de agosto de 1596 para realizar ese mesmo día a venda de dita botica por 5.870 reais, que Benito pagaría en catro pagas: o día de Santiago e de Nadal dos anos 1597 e 1598.

No inventario sinálanse os libros, os utensilios necesarios para confeccionar as medicinas e os produtos utilizados para tal fin:

1.- LIBROS, que se usaban para confeccionar as medicinas e que son citados deste xeito:

*Aguilera*. (Juan Aguilera, médico Salmantino, recopilador de Galeno, da 1ª metade do s. XVI)

*Antonius Musa: de sirupis pilulis et simplicibus*. (Antº Musa Brassavola, Ferrara, 1500-1555)

*Diescórides “vello”*<sup>5</sup> (é dicir, en mal estado)

*Diescórides de Arruelio* (¿Aurelio?)

*Farmacopea de Jacobus Silvio*, (Jacques Dubois de Amiens: Amiens, 1478 - Paris 1555)

*Jacobus silvinio* (igual que o anterior)

*Juanes Vigonis* (Citado en *Palestra Pharmaceutica* de Felix Palacios, 1763)

*Luminare maius* (de Giovanni Giacomo Manlio, publicado o 28 mayo de 1496)

*Oviedo, de colectione et preparatione* (Luis de Oviedo)

*Sepúlveda*. (Fernando Sepúlveda, segoviano. Publicou en 1522: *Manipulus medinarum...*)

*Asensuras*

*Bernaldus de senyo*

*Fragosius de taberna medicors*

*Franciscus alexandrus*

*Galenus de per lociis*

*Galenus de simplicibus*

*Juanes*

*Juanes de Acosta*

*Juanes pandetarius*

*Juben*

*Modus facendi*

*Nicolaus Prepositus*

---

<sup>4</sup> AHUS: Protocolos de Gregorio Vázquez Giráldez, 1596, páx 437ss e 455 ss.

<sup>5</sup> DIOSCORIDES, *Plantas y remedios medicinales*, Biblioteca clásica Gredos

2.- UTENSILIOS DA REBOTICA, que como non hai nada especial, citamos de xeito xenérico:

Pedras de moer, cántaras diversas, frascos de vidro, redomas de distintos tamaños, alambiques, xerras, ampolas, botes, funís, morteiros, matraces, alquitaras, balanzas, etc.

3.- PRODUTOS SIMPLES:

Ao repasar os elementos que había na botica para facer as medicinas, vemos que se seguían a utilizar herbas, minerais e produtos derivados de animais, que utilizaba o galeno militar romano Dioscórides.

Coincidentes pois cos que usaba Dioscórides atopamos:

**A) De orixe vexetal**

Durmideiras negras	Incenso (bendito)
Agallas.	Xacintos
Agárico.	Xunciana
Agnuscastus (semente de)	Loureiro (baías de.)
Aleña	Lirios (aceite de.)
Améndoas amargas (aceite de.)	Cardamina
Aneto (aceite de.)	Meliloto
Azucenas (aceite de, )	Menta (aceite de.)
Beleño (semente de)	Mirra
Cardamomo	Neguilla
Cártamo	Peonia (raíz de. Semente de)
Cícharos bravos	Pinillo
Cominos comúns	Regalicia (zume de)
Coandro (semente de)	Ricino (aceite de)
Dauco	Rosas (auga de pel, emplasto de zume de.)
Diptamo	Ruda (aceite de)
Gálbano	Ruibarbo
Garavanzos negros	Sagapeno
Fabas	Sarcocola (polvos de-)
Hisopo seroto	


**B) De orixe mineral:**









Ferruxe  
Litarxirio  
Albaialde  
Caparrosa  
Oropimente  
Coral  
Lapislázuli









**C) De orixe animal:**




Cantárides  
Cera amarela  
Cera branca  
Cola de pescado  
Galiña (graxa de )

ALGÚNS DOS PRODUTOS RELACIONADOS NO INVENTARIO (ANO 1596)

Acibar	O acibar é unha substancia amarelada que se atopa na folla do áloe. Úsase como tónico e purgante.	
Agárico	Un tipo de fungo. Propiedades: bactericidas, antiangioxénicas (reduce a formación de novos vasos sanguíneos a partir de vasos preexistentes) e un estimulante sistémico do sistema inmunizante.	
Agnus castus	Chámase <i>árbore casto</i> por usarse como medicina antilíbido polos monxes .  indicada nos trastornos do síndrome premenstrual	
alcanfora	Substancia cristalina cunha leve cor esbrancuxada que se usa como insecticida, y aromatizante. Preséntase como aceite, crema ou líquido.	
Almástica	Resina aromática, amarelada e translúcida que se extrae do lentisco	
Baias de loureiro	Das baias sácase un aceite que se emprega en casos de queimaduras, abscesos, acne, eccema e outras enfermidades da pel. Só as árbores femininas dan baias.	
Berberis	Tradicionalmente a planta ten propiedades parasiticidas e utilízase no tratamento da diarrea e infeccións	
Camonea	De orixe americana, tamén se pode atopar na Polinesia.	

Canela	Para mellorar a dixestión e para contrarrestar as dores menstruais e regular o período	
Cantáridas	O extracto de cantárida presentábase en polvo (obtido mediante desecación e triturado deste insecto), tintura ou aceite e emplasto	
Caparrosa	É un mineral que contén sulfato de ferro. Úsase para tratar a anemia ferropénica.	
Cardamomo	Especia aromática. Remedio para a boca seca e falta de salivación, para dixestións lentas, para a halitose... Antiséptico natural.	
Cera amarela	Mesmos usos que a cera branca.	
Cera branca	É cera refinada. Para problemas de pel, polas súas propiedades emolientes e antiinflamatorias.	
Chícharos bravos	Bos para os diabéticos e fonte de arxinina que ten un efecto vasodilatador nos vasos sanguíneos	
Cominos	Utilízanse as sementes. Como infusión, axuda a reducir a diabete. Consúmese tamén como tónico estomacal e estimulante intestinal	

Coral branco	Úsase sobre todo para os dentes sensibles, artrrose e raquitismo	
Cortizas de cidras	Semella un limón pero ten pouco zume. Úsase para problemas pulmonares, intestinais e outros.	
Cravo	(Syzygium aromaticus), especie aromática que posúe propiedades antibacteriais, anestésicas, afrodisíacas, analxésicas, antiespasmódicas e estimulantes.	
Díctamo	Coñecida en España como herba “gitanera”. Valor carminativo, antiespasmódico e hipotensor.	
Esquinanto	O esquinanto de orixe africana segundo Dioscórides, é usado como diurético, e en xeral serve para problemas estomacais, hepáticos e urolóxicos.	
Estafisagria	Coñecida como “herba piolleira” porque antigamente botábase na cabeza as súas sementes moídas para librarse dos piollos.	
Esterco de lagarto	¿Para emplastos?	
Estibio	= antimónio. Elemento de aspecto branco azulado, brillante, de estrutura laminosa.	

Euphorbio	Planta de talo carnoso da que se extrae unha resina usada como purgante.	
Ferruxe	Para as feridas	
Gálbano	Goma resinosa que se obtén da <i>ferula</i> , un tipo de fiúncho xigante, Dioscórides di que é sedativo, antiespasmódico, emenagogo e diurético.	
Garavanzos negros	Para a pel e o pelo	
Goma xunípero	Xenebreiro común ( <i>Juniperus communis</i> ). As baías de xenebreiro teñen sido utilizadas como un forte desinfectante das vías urinarias	
“Jujubas”	O seu froito é rico en azucres e mucilaxes e cunha importante cantidade de vitamina C. Consúmese polo seu valor nutritivo.	
Láudano da memoria de Gonzalo Díaz	Preparación farmacéutica composta de opio, azafrán, viño branco e outras sustancias que se utilizaba como analxésico	

Ligustro	Tintura natural	
Litarxirio	Nome dado por Dioscórides ao material obtido no proceso metalúrxico de separación do chumbo e a prata	
Maná grosa	Resina do freixo. Propiedades: laxantes, diuréticas, antirreumáticas, antiinflamatorias, e febrífugas .	
Meliloto	Úsase como infusión altamente indicada para casos de presión arterial alta.	
Mirobolanos	Do francés <i>Myrobalanos</i> , significa <i>landra para unguento</i> . Os mirabolanos ( <i>Terminalia chebula</i> ) parécense ás ameixas, Son típicos da India oriental.	
Mirra	Herba aromática. Úsase contra enfermidades pulmonares.	
Pinillo	As partes aéreas de <i>Ajuga chamaepitys</i> usáronse como tónico, emenagogo e diurético, para a cicatrización de feridas e combater a transpiración.	
Raíz de asaro	Mencionado por Dioscórides, usábase como tranquilizante, pero tamén como purgante para expulsar as lombrigas dos poldros.	



Raíz de peonia	Peón un deus médico dos deuses. Nomease na <i>Ilíada</i> e na <i>Odisea</i> . É un epíteto de Apolo co significado de <i>sandador</i> .	
Ruibarbo	Dependendo da cantidade que se empregue, ten propiedades purgantes, laxantes e adstrinxentes.	
Sangue de drago	Adstrinxente, cicatrizante e hemostática, o que pode permitir tratar con eficacia diferentes tipos de feridas en pel e mucosas, mesmo as que presentan dificultade como úlceras por decúbito ou varicosas.	
Sebesten	Árbore da familia das boragináceas, orixinario de Asia Menor. Os seus frutos, negros e brancos, como flor de ganada, son dulces e finos.	
Semente de leitugas	A semente da leituga é rica en vitaminas B, C e A. Ten efectos laxantes	
Tutía	Óxido de cinc. A tutía preparada é un unguento elaborado a partir da capa que, produto da fundición de óxido de cinc mesturado con outras sales metálicas, quedaba nas paredes dos fornos.	
Visgo	Planta semiparasita que crece sobre as ramas de diversos árbores. É diurética e hipotensora, aínda que a altas doses é tóxica.	